

John Stevens Henslow (artigo traducido da Wikipedia en inglés)

(6 de febrero de 1796 - 16 de mayo de 1861)

Foi un botánico e xeólogo inglés. Henslow naceu en Rochester, fillo do avogado John Prentis Henslow, que era o fillo de Sir John Henslow.

Educouse no St. John's College de Cambridge onde se graduou con honores de primeira clase en 1818 [1], o mesmo ano no que Adam Sedgwick Woodwardian se converteu en profesor de xeoloxía. Casou con Harriet Jenyns (1797-1857), filla de George Leonard Jenyns e irmá de Leonard Jenyns en 1823. A súa filla Frances Harriet casou con Joseph Dalton Hooker.

Contidos:

- 1.- Primeiras ocupacións
- 2.- Crego rural
- 3.- Familia
- 4.- Referencias

1.-Primeiras ocupacións:

Henslow graduouse en 1818. Tiña dende a infancia paixón pola historia natural, que influirá en gran medida na súa carreira. Acompañou a Sedgwick en 1819 nunha xira na illa de Wight onde aprendeu as súas primeiras nocións de xeoloxía. Tamén estudou química co Profesor James Cumming e mineraloxía con Edward Daniel Clarke.

No outono de 1819 fixo valiosas observacións sobre a xeoloxía da illa de Man e en 1820 e 1821 investigou a xeoloxía de partes de Anglesey, cuxos resultados foron impresos no primeiro volume das Memorias da Sociedade Filosófica de Cambridge (1822), sociedade fundada orixinariamente por Sedgwick e Henslow.

Entre tanto, Henslow aplicouse ao estudo da mineraloxía con gran celo, de tal xeito que á morte de Clarke en 1822 foi nomeado profesor de Mineraloxía na Universidade de Cambridge.

Dous anos máis tarde tomaría as ordes sagradas. Sin embargo é a botánica a que atrae a súa atención, de tal xeito que renuncia á cátedra de mineraloxía en 1827, para acadar o posto de profesor de botánica dous anos máis tarde. Como mestre, tanto na aula como no campo, tivo unha actividade moi exitosa. Fíxose correspondente de John James Audubon, que en 1829 deu nome ao pardal de Henslow na súa honra.

Darwin debeu en gran parte o seu apego á historia natural á influencia de Henslow, así como a súa recomendación a Fitzroy, o capitán do HMS Beagle.

Henslow fundou o Xardín Botánico da Universidade de Cambridge en 1831.

2.-Un crego rural

En 1833 Henslow foi nomeado vicario de Cholsey-cum-Moulsford en Berkshire (hoxendía Oxfordshire). Continuou sin embargo a vivir en Cambridge, e só visitaba a parroquia durante as vacacións, designando a un coadxutor para levar a cabo os servizos e atender aos asuntos da parroquia durante o curso escolar.

Non obstante, o seu nomeamento real remunerado en 1837 para Hitcham, Suffolk marcou un xiro na súa vida. Desta volta, en 1839, trasladouse á parroquia e como pastor de Hitchman viveu na Rectoría. Alí traballou, entrañable para todos o que o ceñeceron, deica o final da súa vida. Adicou as súas enerxías á mellora da vida dos seus feligreses.

A asignatura de Botánica en Cambridge sufriu con esta marcha, reduciuse a asistencia ás

clases, e constan queixas formuladas á universidade. Henslow non renunciou sin embargo á súa cátedra, e continuou dando clases, preparando e realizando exames, e tomando parte nos asuntos universitarios, claro que, naturalmente, a súa influencia quedou moi mermada.

O traballo de Henslow en Hitcham foi moito máis alá das funcións normais dun crego, e se poden resumir do seguinte xeito:

1. A Escola Parroquial e outras organizacións benéficas. Hitcham era unha parroquia pobre, e a meirande parte da xente era analfabeta. A educación era de pago, polo que Henslow procurou fondos de donacións e do seu propio peto para crear unha escola. A escola foi inaugurada en 1841 e o mesmo Henslow deu clases os luns á tarde para os nenos maiores. Botánica xeral e pensamento científico xeral eran parte do temario. O plan de estudos botánicos foi imprimido: Era bastante pesado, con morfoloxía e termos técnicos. O ensino desta escola tivo efectos en toda Gran Bretaña, xa que importantes persoeiros, coma o Príncipe Alberto e Lyon PlayFair consideraban a Henslow unha autoridade na materia.
2. Educación de adultos na vila. A Sociedade de Horticultura de traballadores e mecánicos de Hitcham foi o medio utilizado por Henslow para mellorar o traballo dos traballadores da vila e os seus arredores. Concursos, espectáculos e excursións a lugares de interese práctico para a mellora da agricultura e dos seus feligreses. De novo Henslow usou das donacións e facilidades fornecidas polos seus amigos.
3. Facer fronte aos granxeiros. Sorprendentemente para nós, daquela os granxeiros supuñan un obstáculo para o progreso. Aínda non coñecían os avances acadados por Justus von Liebig, en Alemania, que comezou a aplicar a química ás necesidades da agricultura. A pesares disto, Henslow presiona para realizar experimentos de campo probando diferentes fertilizantes e medir o produto resultante. Preguntas como "podería engadirse xiz no esterco para fixar o amoníaco?" foron propostas ante a desconfianza dos labregos. A pesares de todo, Henslow acadou novamente axudas e unha aceptación xeral das súas ideas.
4. Museos. A gran cidade de Ipswich estaba a 12 millas de Hitcham. Como resultado das súas experiencias en Cambridge, Henslow cría no valor dos museos como vehículos da educación. O Museo de Ipswich, creado en 1847, debe moito a Henslow, que foi elixido Presidente en 1850. O museo centrábase na Historia Natural no seu sentido máis amplo.

Canda estes traballos continuou o seu labor como investigador científico. En 1843 descubriu os nódulos de coprolitos orixinados na Red Crag de Felixstone en Suffolk, e dous anos máis tarde descubriunos tamén na Cambridge Greensand, e sinalou que poderían ser empregados en agricultura. Aínda que Henslow non obtivo beneficios, estes descubrimentos levaron á creación da industria de fosfatos en Cambridgeshire e Suffolk, que reportou beneficios ata a introducción de fosfatos estranxeiros.

Henslow murreu en Hitcham. As súas publicacións inclúen un catálogo de plantas de Gran Bretaña (1829, 2ª edición 1835), Principios de Botánica descriptiva e fisiolóxica (1835), Flora de Suffolk (con E. Skepper) (1866).

3.-Familia

Entre os seus fillos se inclúe Henslow George (1835 - 1925) [4], quen se convertiu en profesor de botánica na Sociedade Real de Horticultura

4.-Referencias

1. ^ Henslow, John Stevens en Venn, J. & JA, Alumni Cantabrigienses, Cambridge University Press, 10 volúmenes, 1922-1958.
2. ^ Conmemorativos, Diario e Correspondencia de Charles Cardale Babbington 1897. p297
3. ^ Russell-Gebbett J. 1977. Henslow de Hitcham: botánico, educador e sacerdote. Dalton, Lavenham.
4. ^ "George Henslow obituário". British Medical Journal. 16 de xaneiro de 1926. <http://www.pubmedcentral.nih.gov/pagerender.fcgi?artid=2522598&pageindex=1>. Obtido o 14 de outubro.
5. ^ "The Life and Times de Charles Maries". Hampton Lucy aldea web. <http://www.hamptonlucy.net/About/VEG/charlesmaries.html>. Obtido o 14 de outubro.